

EXTRACTO da Resolución do 5 de agosto de 2025 pola que se convoca unha bolsa de formación, dirixida a persoas cun título universitario, para a realización de prácticas en materia de políticas e programas europeos no ámbito da innovación e a investigación (código de procedemento PR770M).

BDNS (identif.): 000000

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (BDNS) (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. Persoas beneficiarias

As persoas que teñan a condición de ser natural de Galicia, ser fillo/filla de galegos ou acreditar a residencia en Galicia mediante empadramento, e que posúan o nivel B2 ou superior en lingua inglesa e o título académico necesario ou o xustificante do pagamento das taxas que dan dereito á expedición do dito título. Os estudos conducentes á obtención do título deberán ter rematado dentro dos seis (6) anos anteriores ao da publicación da convocatoria.

Segundo. Obxecto

Esta resolución ten por obxecto convocar unha (1) bolsa dirixida a persoas cun título universitario para a realización de prácticas en materia de políticas e programas europeos no ámbito da innovación e a investigación na oficina da FGE en Bruxelas.

Terceiro. Bases reguladoras

Á bolsa regulada por esta resolución seranlle de aplicación as bases reguladoras recollidas como anexo I da Orde do 12 de abril de 2024 pola que se autoriza a Fundación Galicia Europa a conceder subvencións e se aproban as bases reguladoras para a concesión de bolsas de formación, dirixidas a persoas cun título universitario, para a realización de prácticas en

FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

Rúa do Hórreo, 61
15706 Santiago de Compostela
fundacion.galicia.europa@xunta.gal
santiago@fundaciongaliciaeuropa.eu

 [@FGaliciaEuropa](https://twitter.com/FGaliciaEuropa)
 in.com/fundación-galicia-europa
 fundaciongaliciaeuropa.eu

materia de políticas e programas europeos no ámbito da innovación e a investigación (código de procedemento PR770M).

Cuarto. *Importe*

O importe total da bolsa distribuirase do seguinte xeito:

- Retribución bruta (pagamento á persoa bolsreira): 18.000,00 €.
- Axuda de desprazamento para gastos de viaxe (pagamento á persoa bolsreira): 1.100,00 €.
- Seguridade Social: 764,16 €.
- Seguro adicional de cobertura sanitaria en Bélxica: 99,20 €.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes e da documentación complementaria será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución da correspondente convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2025

Jesús Gamallo Aller

Director da Fundación Galicia Europa